Europe Direct A Coruña organiza o vindeiro 14 de decembro "A UE a debate: o futuro de Europa".

Europe Direct A Coruña, no marco da súa campaña informativa para fomentar a participación cidadá, organiza unha mesa debate que contará coa presenza dos europarlamentarios galegos José Blanco e Francisco Millán Mon.

A Unión Europea afronta unha etapa de desafíos dentro e fóra das súas fronteiras. No primeiro semestre de 2019 coinciden no tempo a saída de Reino Unido da Unión, coa celebración de Eleccións Europeas e a culminación da negociación sobre o próximo Orzamento 2021-2027.

Neste contexto, Europe Direct A Coruña organiza **"A UE a debate: O futuro de Europa".** Un foro que poñerá sobre a mesa asuntos clave na Europa que se está debuxando neste momento histórico. Como afectará o Brexit aos dereitos da cidadanía europea? Cal ten que ser a posición da Unión como actor global? Está a dar unha resposta adecuada a Unión Europea ao reto da migración? Cales son os principais desafíos da economía azul para a nosa comunidade?

O debate contará coa intervención dos **europarlamentarios galegos** José Blanco López, do Grupo da Alianza Progresista dos Socialistas e Demócratas, e Francisco José Millán Mon, do Grupo do Partido Popular Europeo (Demócrata-Cristiáns).

O debate celebrarase o **venres 14 de decembro en horario de 18.00 a 19.30h** na Deputación provincial da Coruña (Sala Juanjo Galo-6ª planta).

O acto está aberto ao público en xeral que teña interese en debater sobre o futuro de Europa.

Máis información sobre "A UE a debate: O futuro de Europa" no teléfono 981 080 331 ou no correo electrónico europedirect@dacoruna.gal

---



José Blanco López é membro do grupo da Alianza Progresista dos Socialistas e Demócratas no Parlamento Europeo. Entre as súas funcións destaca a súa vicepresidencia na delegación na Comisión Parlamentaria Mixta UE-México. Tamén é membro da Comisión de Industria, Investigación e Enerxía, así como da Delegación na Asemblea Parlamentaria Euro-Latinoamericana.



Francisco José Millán Mon, pola súa banda, é membro do Grupo do Partido Popular Europeo (Demócrata-Cristiáns). No Parlamento Europeo é membro da Comisión de Asuntos Exteriores e da Delegación para as relacións con Estados Unidos.